


Texto e ilustracións: **TARO GOMI**
 Tradución: **MAKI FUKUHARA**
 Adaptación ao galego: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartóné
 40 páxinas en color. 20x24 cm.
 Dispoñible en:

-Galego: "A bañarse!". ISBN 978-84-935122-3-1
 -Castelán: "¡A bañarse!". ISBN 978-84-935122-2-4

Prezo: 14 €



A BAÑARSE!

-León!, a bañarse! Saca a roupa.
-Como, mamá? Sacar a roupa un león?
Vale, se non hai máis remedio...
A ver...

- **Temática:** a hora do baño
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** linguaxe e ilustracións sinxelas; contribúe á autonomía dos nenos; representa o corpo con naturalidade; temática similar a "Que lería de cordóns", editado por FAKTORÍA K, sobre como atar os zapatos

A hora do baño pode ser un momento de xogo e diversión, como demostra esta obra do deseñador xaponés Taro Gomi. Ademais de gozar das ilustracións, realizadas dun xeito similar ao que practican os cativos cos seus debuxos, "A bañarse!" tamén é unha ferramenta de apoio para que nais e pais axuden aos fillos a gañar en autonomía. A medida que poden ir prescindindo da axuda dos adultos para facer tarefas sinxelas, como comer sos ou asearse, os nenos necesitarán pautas de acción ou de comportamento para aquilo que poden empezar a facer por si mesmos.

A linguaxe infantil está presente ao longo de todo o libro, con onomatopeias, xogos visuais e de palabras que o convertirán en algo cercano e atractivo. Ao protagonista do relato, como á maioría dos nenos, bañarse prodúcelles certa preguiza, sobre todo ao ter que dar por finalizada a hora de xogar. Outra estratexia do autor é a de converter o neno -mediante un simple disfrace- nun animal como o león para explicar a diferenza entre os animais salvaxes e os humanos: os primeiros non usan roupa nen se lavan con xabón...

Así, quitar o chaleco, o pantalón ou a roupa interior, serán pasos ineludibles para acabar na bañeira, onde o xogo non ten por que rematar, se tamén ao momento do baño se lle bota certa imaxinación...

Unha das características da obra de Taro Gomi é a liberdade creativa e a tendencia a romper convencións impostas polo pudor da sociedade. Deste xeito, o ilustrador aposta por reflexar a nudez do neno con total naturalidade.

TARO GOMI (Tokyo, 1945)

Graduouse no Instituto de Deseño Kuwazawa, onde iniciou a súa traxectoria como deseñador industrial e gráfico. Publicou uns 300 libros e os seus lectores, tanto en Asia como no resto do mundo, abarcan unha ampla franxa de idade, dende os primeiros anos da infancia ata os adultos. As súas obras foron traducidas a 15 idiomas. Recibiu varios premios, nacionais e internacionais, como o da Feiria do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia. Ademais de facer libros para nenos, tamén adquiriu fama noutros eidos artísticos, como o deseño de moda, a produción de animacións para o público xuvenil, CD-Roms ou ensaios, entre outros.

MAKI FUKUHARA (Tokyo, 1966)

É xornalista e tradutora. Estudou Educación Infantil na Universidade de Tamagawa. Dende 1997 traballa para diversas revistas e xornais, nos que publica entrevistas e artigos de temática médica e deportiva. A súa vinculación con España remóntase a 1996, cando visitou Valencia como enviada cultural para ensinar cultura e lingua xaponesa.